



Benestar animal (I)



“Está tan delgada a vaca de Elena que, no canto de dar leite, dá pena” (Gloria Fuertes). Partindo do verso desta coñecida poeta, nesta primeira entrega sobre benestar animal enumero as cinco liberdades fundamentais para os animais domésticos que reconece a UE e déixovos no aire unha pregunta: son máis felices as vacas de pastoreo ou as estabuladas?... Depende.

Antón Camarero
Veterinario de Adial

Ola a todos! Na entrada que escribín acerca da loita contra o estrés por calor nas vacas (1), vimos como favorecendo o seu benestar (evitando ou minimizando este problema) conseguíamos mellorar a produción de leite.

Esta nova entrada comeza cun verso de Gloria Fuertes que fai referencia á primeira e máis elemental **das cinco liberdades** que a Unión Europea reconece para os animais domésticos:

1. **Estar libres de fame e sede**, tendo acceso á auga fresca e

unha dieta que lles achegue unha saúde plena e enerxía.

2. **Estar libres de incomodidade**, proporcionando un ambiente adecuado que inclúa acubillo e unha zona de descanso.
3. **Estar libres de dor, lesións e doenzas**, mediante a prevención, o diagnóstico rápido e o tratamento.
4. **A liberdade de expresar un comportamento normal**, proporcionando espazo suficiente, instalacións adecuadas e a compañía de animais da propia especie animal.
5. **Estar libres de medo e angustia**, asegurando as condicións de trato que evitan o sufrimento mental.

Os dereitos que derivan destas liberdades están recoñecidos pola UE e lexislados a nivel nacional polo RD 348/2000.

Cando eu empecei a traballar (no milenio pasado...), moitos gandeiros usaban unha vara para manexar o gando. Hai que pensar que naquela época había máis pastoreo e a vara facíase necesaria para manexar as vacas e leválas ao pasto.

A vara funcionaba coma unha extensión dos brazos para dirixilas..., pero había uns poucos que a usaban con demasiada “xenerosidade”. Naquela época, e polo mesmo respecto que eu sentía polas vacas, xa había gandeiros obxectores de usar a vara coma castigo.

► TODAS ESTAS ACCIÓNS SON MOI IMPORTANTES PARA QUE A VACA ESTEA MÁIS FELIZ E SA, E, POR TANTO, PRODUZA TAMÉN MÁIS LEITE E DE EXCELENTE CALIDADE

Estes “obxectores da vara” non eran os peores, manexaban mellor os animais e conseguían mellores producións. Empiricamente sabían que tratálos ben tiña recompensa na produción.

Hoxe hai moitas explotacións modélicas na produción de leite e que toman moi en serio o benestar animal. Nelas dispónse de suficiente superficie por vaca para evitar a sensación de amoreamento e que algunhas vacas sentan amedrentadas por outras máis dominantes. Ademais, para conseguir que haxa suficiente espazo no presebe ou nos bebedoiros (e que así poidan comer e beber con tranquilidade), axustan o número de vacas ao tamaño da explotación.

Como é importante que dispoñan de aire puro, libres de bacterias e amoníaco, as instalacións constrúenlas con ampla altura. As camas son de area, máis confortables, frescas, de fácil drenaxe e inertes á multiplicación das bacterias. Estas granxas posúen tamén sistemas de ventilación pasiva (aproveitan a circulación natural do aire) ou activa (ventiladores, nebulizadores de auga...).

Para que os chans estean limpos e secos (e que as vacas non escorreguen), instalan sistemas de limpeza automáticos... Mesmo hai implantados robots que, se detectan as vacas, lles dan “un cepillado” ao longo do lombo para que estean máis limpas e relaxadas.

Todas estas accións son moi importantes para que a vaca estea máis feliz e sa, e, daquela, produza tamén máis leite e de excelente calidade.

E aquí vén a miña pregunta-reflexión para acabar esta entrada: “Son máis felices as vacas en pastoreo que as estabuladas?” Vou exercer de galego e respóndovos: depende. Temos idealizada a foto da vaca feliz pastando no prado, pois, aínda que parece moi idílica a imaxe, asegúrovos que non sempre é así: as vacas no pasto no inverno están expostas a choiva e vento, ás veces cubertas de barro que as arrefría. No verán, a calor pode ser abrasadora e, se hai sombras, compártenas con hordas de incómodas moscas... Mentres,

outras vacas estabuladas están nun ambiente ventilado e fresquiñas sobre as súas camas de area. É coma se preguntamos: Quen son máis felices, as persoas que viven na aldea ou na cidade? Pois... depende! (continuará). ■

REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA

(1) “Muuuuita calor!”, *Vaca Pinta* 40, páxs. 20-23, agosto de 2023
https://vacapinta.com/media/files/fiche-ro/vp040_galego_lr-20-23.pdf



**RAIADO OU
SALPICADO**
DE SUPERFICIES DE FORMIGÓN

☎ 981 88 05 50
 📞 641 55 06 56



**Remedio a
pisos
eskorregadizos**

- ✓ Reduce gastos veterinarios
- ✓ Aumenta a seguridade
- ✓ Aumento de celos

...